CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecementos regrados

Xaneiro 2017

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de xaneiro de 2016**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2016 e anteriores.

XANEIRO 2017

Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos regrados. Xaneiro 2017

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	%	Var. Int. 17/16
HOTEIS	134.533	5,7%	216.301	0,8%	1,61	-4,7%	21,01%	0,44
PENSIÓNS	20.098	-7,1%	56.186	10,1%	2,80	18,5%	12,93%	1,05
ESTAB. HOTELEIROS	**154.630**	**3,8%**	**272.488**	**2,6%**	**1,76**	**-1,2%**	**18,60%**	**0,58**
APTOS. TURÍSTICOS	3.727	-12,7%	11.519	1,3%	3,09	16,1%	10,30%	-1,03
CÁMPINGS	81	-43,8%	132	-51,8%	1,63	-14,4%	7,04%	2,36
TURISMO RURAL	4.625	-8,2%	8.117	8,5%	1,76	18,2%	5,51%	0,50
ESTAB. EXTRAHOTEL.	**8.433**	**-10,8%**	**19.768**	**3,4%**	**2,34**	**15,9%**	**-**	**-**
TOTAL	**163.063**	**3,0%**	**292.256**	**2,6%**	**1,79**	**-0,3%**	**-**	**-**

- No pasado mes de xaneiro Galicia rexistra un incremento do volume de viaxeiros aloxados nos establecementos regrados da comunidade, do 3,0%, ata situarse en pouco máis de 163 mil. Sobe tamén o número de noites rexistradas, nunha porcentaxe semellante, do 2,6% neste caso, acadando algo máis de 292 mil no conxunto da comunidade.
- É o terceiro ano consecutivo no que se observa un incremento da demanda turística regrada neste primeiro mes do ano. En 2015 o volume de pernoctacións subira un 1,6%, cifra que en 2016 subiu ao 9,8% e agora en 2017 sitúase no 2,6%. Esta dinámica positiva rompe cunha tendencia de caídas consecutivas nos seis anos anteriores e coloca o volume final en algo máis de 292 mil pernoctacións, a cifra máis elevada dos últimos sete anos.
- En termos de viaxeiros aloxados acontece algo semellante, observándose tamén neste caso resultados positivos nos tres últimos anos. O incremento deste 2017 –do 3,0%- vén precedido por unha suba do 10,9% en xaneiro de 2015 e do 12,6% en 2016. Esta tendencia sitúa o valor deste ano levemente por encima dos 163 mil viaxeiros, a cifra máis elevada desde o 2008.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de Xaneiro 2005-17



- O incremento da demanda tradúcese en algo máis de 7.400 novas pernoctacións nos establecementos regrados de Galicia en relación ao pasado ano, cifra que recae maiormente nos establecementos hoteleiros fronte ás restantes modalidades de aloxamento. Só neste segmento xa se xeraron 6.800 neste mes.
- A nivel estatal obsérvase igualmente unha mellora dos niveis de demanda turística regrada con incrementos tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 5,7%- coma das pernoctacións –do 4,3% neste caso-.
- Estes resultados positivos veñen como consecuencia dos incrementos rexistrados en boa parte das comunidades autónomas, con diversa intensidade. Marcan a excepción catro delas: Estremadura e Navarra –onde os niveis de demanda se manteñen estables en relación ao pasado ano- e Castela e León e A Rioxa –destinos que presentan unha caída do 3,8% e 7,7% respectivamente-.
- Cantabria lidera neste mes o crecemento da demanda regrada medida en pernoctacións, superando nun 12,1% os niveis do pasado ano. Seguen en orde de importancia Madrid -cunha suba do 8,0%- e o País Vasco –onde se superan nun 5,6% os niveis de demanda de xaneiro de 2016-.
- Nun segundo grupo, con incrementos que se sitúan entre o 4% e o 5%, sitúanse Canarias, Andalucía e Baleares. En termos relativos é Murcia o destino que presenta o crecemento máis moderado –do 1,1% medido en pernoctacións-..
- En termos de viaxeiros aloxados obsérvase algo semellante sendo neste caso Andalucía o destino que presenta o incremento de maior intensidade –cun 10,0% neste caso- Seguen a continuación, cunha taxa moi semellante, Cantabria –destino onde a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 9,8%- e Madrid –cun incremento do 9,6% neste caso-.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste primeiro mes do ano o noveno lugar dentro do conxunto do Estado representando o 1,4% do total de España. Canarias é o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con preto de 8,8 millóns de pernoctacións no mes de xaneiro –o 42,4% do total-. Sitúanse a continuación e xa con certa distancia Andalucía –con

algo máis de 2,7 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con case 2,3 millóns- e a C. Valenciana –tamén con preto de 2,3 millóns neste caso-. Nun segundo grupo localízase Madrid –con pouco máis de 1,8 millóns neste caso-. Só estas cinco comunidades agrupan ao 86,6% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.

- En xaneiro o 93,2% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 74,0%- como ás pensións –co 19,2% neste caso-. O 6,8% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 3,9% da demanda total- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 2,8%-. Os cámpings apenas rexistran niveis de demanda aceptables e nin sequera chegan ao 0,1% do total da demanda regrada, circunstancia propia en todo caso da temporada baixa.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Xaneiro 2017



- Por tanto, o comportamento global da demanda turística regrada vén moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Practicamente tres de cada catro pernoctacións prodúcense xustamente nesta tipoloxía.
- En termos globais os dous grandes segmentos da oferta de aloxamento participan da conxuntura positiva deste mes, contribuíndo de forma parella á mesma. Neste sentido soben as pernoctacións nos establecementos hoteleiros -nun 2,6%- e nos extrahoteleiros –un 3,4%- como consecuencia de factores diferentes –nos primeiros como consecuencia dun incremento da cifra de viaxeiros aloxados do 3,8% e nos segundos por unha clara mellora da estadía media xa que o volume de viaxeiros aloxados descende nun 10,8% en relación ao pasado ano-.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes certa homoxeneidade de comportamento, con variacións de diversa dirección e intensidade. Increméntase a demanda de forma máis nítida e clara nas pensións –un 10,1%- e nos establecementos de turismo rural –un 8,5%-. En ambos casos esta mellora procede dun incremento da estadía media xa que a cifra de viaxeiros aloxados nas dúas tipoloxías cae en relación ao pasado ano –un 7% nas pensións e un 8% nos establecementos de turismo rural-.

- Nos hoteis e nos apartamentos turísticos sobe tamén o nivel de demanda aínda que de forma moi suave, pouco perceptible. En particular, o volume de pernoctacións increméntase nun 0,8% nos hoteis -a pesar de que a cifra de viaxeiros sobe un 5,7%- e nun 1,3% nos apartamentos turísticos –como consecuencia dunha mellora da estadía media xa que a cifra de viaxeiros aloxados cae un 12,7%-.
- Aínda que a súa presenza é practicamente nula en termos de volume e peso si se constata unha caída importante tanto do volume de viaxeiros aloxados coma das pernoctacións nos cámpings –descenden un 44% e 52% respectivamente en relación ao pasado ano-.

Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Xaneiro 2017/16, por tipoloxías



- Esta dinámica positiva coloca os niveis de demanda dos establecementos hoteleiros e de turismo rural en valores importantes, por encima dos rexistrados nos últimos sete anos. Os primeiros, por exemplo, acumulan tres anos consecutivos de crecemento da demanda –do 0,6% en 2015, do 8,4% en 2016 e do 2,6% agora en 2017- acadando algo máis de 270 mil pernoctacións neste primeiro mes do ano, a cifra máis elevada desde o 2011-.
- Dentro do mesmo obsérvase un comportamento relativamente dispar con incrementos da demanda en case todas as categorías coa excepción dos hoteis de catro e cinco estrelas por un lado e dos de unha estrela por outro onde se rexistra un descenso próximo ao 3% interanual –en ambos segmentos a caída provén do lado da estadía media xa que a cifra de viaxeiros aloxados increméntase un 6% nos primeiros e un 4% nos segundos-.
- En termos de intensidade o crecemento máis destacado sitúase neste caso nas pensións de dúas e tres estrelas –que rexistran unha suba do 12% como consecuencia neste caso dunha notable mellora da estadía media xa que a cifra de viaxeiros aloxados cae un 2%-. Nos tres segmentos restantes –hoteis de tres e dúas estrelas e pensións dunha estrela- a demanda sobe entorno ao 8% interanual como consecuencia de factores diversos: nos hoteis de tres estrelas por unha suba paralela da cifra de viaxeiros aloxados, nos hoteis de dúas estrelas pola combinación positiva da mellora do volume de viaxeiros e a estadía media, e nas pensións dunha estrela por un notable incremento da estadía media xa que a cifra de viaxeiros cae un 15%.

- No caso dos establecementos de turismo rural o incremento deste mes de xaneiro engádese aos rexistrados nos tres anos anteriores –do 26% en 2014, do 18% en 2015 e do 30% en 2016-, circunstancia que permite acadar algo máis de 8.100 pernoctacións, a cifra máis elevada desde o 2010.
- O leve incremento da demanda nos apartamentos turísticos permite manter a tendencia positiva que este segmento vén rexistrando nos últimos anos –con subas consecutivas desde o 2013 a taxas importantes- e situar o nivel global en pouco máis de 11.500 noites neste primeiro mes do ano –cifra que supón un máximo histórico na nosa comunidade-.
- En termos de volume o maior incremento prodúcese nos establecementos hoteleiros –que xeraron 6.800 novas pernoctacións en relación ao mes de xaneiro do pasado ano-. Esta cifra supón o 91% do incremento global da demanda nos establecementos de aloxamento regrado - supera claramente o crecemento rexistrado nas outras tipoloxías-.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Xaneiro 2017



- Neste mes de xaneiro o 82% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 18% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e aproxímase á estrutura observada en termos de viaxeiros –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 84,5% mentres que o internacional representa o 15,5%-. Esta distribución aseméllase bastante á observada nos últimos meses do pasado ano e caracteriza en boa medida o perfil da demanda en temporada baixa.
- En termos de mercado obsérvase certa disparidade de comportamento neste mes de xaneiro situándonos en todo caso no terreo positivo. O turismo nacional mantense a grandes trazos estable tanto no relativo á cifra de viaxeiros aloxados como ás pernoctacións, con niveis semellantes aos de xaneiro de 2016 –en sentido estrito rexístrase un incremento do 0,3%-. Tal circunstancia vén logo do incremento rexistrado xustamente o pasado ano –do 9,9%- elevando a cifra global deste segmento a 240 mil noites nos establecementos regrados de Galicia.
- O turismo internacional presenta en cambio resultados positivos incrementando nun 19,6% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 14,9% o nivel de pernoctacións de xaneiro de 2016. Neste

caso son tres anos consecutivos de incremento do turismo internacional en Galicia no mes de xaneiro –do 12,3% en 2015, do 9,0% en 2016 e do 14,9% agora en 2017-, circunstancia que coloca os niveis deste ano nos máis elevados desde o 2009 –superando por vez primeira desde ese ano o nivel das 50 mil pernoctacións-.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Xaneiro 2017/16



- Tal como se comentou anteriormente en termos relativos o turismo internacional representa neste mes de xaneiro o 15,5% do total de viaxeiros aloxados e o 17,7% das pernoctacións, cifras semellantes ás dos últimos meses do pasado ano. Este primeiro mes de 2017 sitúase, por tanto, cun perfil da demanda propio da temporada baixa. Con todo as porcentaxes anteriores son elevadas en relación ao que se vén observando nos últimos anos –de feito constitúen cifras históricas pois nunca antes o segmento internacional conseguira superar o 17% de peso dentro da estrutura da demanda neste primeiro mes do ano-.

- O comportamento dos dous segmentos de mercado reprodúcese, con diversa intensidade, nas dúas grandes tipoloxías de aloxamento. Así a demanda nacional mantense relativamente estable tanto no segmento hoteleiro coma no extrahoteleiro –se ben en sentido estrito sobe un 0,4% no hoteleiro e cae un 0,7% no extrahoteleiro-. O turismo internacional mellora en ambas tipoloxías –un 13,7% no segmento hoteleiro e un 42,6% no extrahoteleiro-. Esta última porcentaxe non é moi representativa pois atinxe a un volume moi baixo de pernoctacións internacionais nos tres establecementos considerados: apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural.

- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 1,79 noites, cifra que en termos globais mantense estable aínda que nun sentido estrito cae un 0,3%. Este dato engádese aos descensos rexistrados en 2015 e 2016 –do 8,4% e 2,5% respectivamente- e coloca o dato deste ano novamente nun mínimo histórico –en xaneiro de 2014, por exemplo, a estadía media situábase en dúas noites de media-.

- Os apartamentos turísticos son a modalidade que presenta as estadías máis elevadas, con 3,1 noites de media neste mes de xaneiro. As pensións rexistran tamén un valor importante, cunha media de 2,8 noites. Estas dúas cifras destacan claramente por encima das restantes

modalidades que se sitúan en 1,8 noites no caso dos establecementos de turismo rural e en 1,6 noites nos hoteis e nos apartamentos turísticos.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Xaneiro 2017



- A estadía media sobe en tres tipoloxías, con similar intensidade –en particular increméntase un 18,5% nas pensións, un 16,1% nos apartamentos turísticos e un 18,2% nos establecementos de turismo rural-. Descende sen embargo nos hoteis –un 4,7%- e nos cámpings –un 14,4% neste caso-.
- A estadía media en Galicia sitúase entre as máis baixas do conxunto do Estado onde novamente Canarias –cunha media de 8,4 noites- rexistra o valor máis elevado de toda España. Con 4,5 noites sitúase a continuación a C. Valenciana, por diante de Baleares –que rexistra un promedio de 4,1 noites- e Murcia –que rexistra unha media de 3,6 noites neste caso-. No lado contrario é Estremadura a que marca o valor máis baixo –quedando por debaixo de 1,7 noites de media neste caso-.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Xaneiro 2017



- Desde o punto de vista da ocupación obsérvase un comportamento semellante ao comentado do lado da demanda aínda que con algunha pequena diferenza. A ocupación mellora nos hoteis –entorno a medio punto porcentual-, nas pensións –nun punto porcentual- e nos establecementos de turismo rural –tamén en medio punto- como consecuencia do crecemento dos niveis de demanda.
- Mellora tamén a ocupación nos cámpings aínda que neste caso, ademais de resultar insignificante, prodúcese como consecuencia dunha caída da oferta dispoñible superior ao descenso do volume de demanda. Mellora, por tanto, nun contexto claramente negativo.
- Os apartamentos turísticos son a única modalidade na que se observa unha caída dos niveis de ocupación como consecuencia dun crecemento da oferta dispoñible superior ao incremento da demanda –medida en pernoctacións-.
- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 21,0% de media neste mes. Nas pensións e nos apartamentos turísticos a cifra sitúase por encima do 10%.
- Neste mes son os establecementos de turismo rural os que presentan o nivel de ocupación máis baixo de toda a oferta regrada cun 5,5%.